

Relación da climatoloxía coa paisaxe

1ª SESIÓN: PAISAXES EN IMAXES

Nesta tarefa teredes que buscar imaxes que amosen a influencia do clima sobre as características paisaxísticas.

En grupos de 4 persoas teredes que crear unha presentación que inclúa esta información:

- Portada: **Tipo de paisaxe** (segundo a que lle corresponda a cada grupo).
- **Mapa** coa localización da paisaxe (na portada ou na 2ª diapositiva).
- Diapositivas de contido: **Imaxes da vexetación** composta por árbores e matogueiras (hai que identificalas cos nomes) que lle corresponde á paisaxe asignada.

DISTRIBUCIÓN DAS PAISAXES (no PDF adxunto "Vexetación teoría" tes un resumo das especies arbóreas e arbustivas máis comúns de cada tipoloxía paisaxística):

Grupo 1: **Paisaxe oceánica** (rexión eurosiberiana de clima atlántico)

Grupo 2: **Paisaxe mediterránea** (rexión mediterránea)

Grupo 3: **Paisaxe subtropical** (rexión macaronésica)

Grupo 4: **Paisaxe de montaña** (vexetación de montaña)

Grupo 5: **Paisaxe de ribeira** (vexetación de ribeira) e **Paisaxe desértica**


Grupo 6: **Paisaxe rural** (enlace web)

2ª/3ª SESIÓN: ANÁLISE CLIMATOLÓXICA

Nesta segunda parte da tarefa teredes que buscar unha explicación, baseada nas precipitacións e temperaturas, ás características paisaxísticas que amosáchedes na primeira parte da presentación. Así pois, crearedes unha **2ª portada titulada ANÁLISE CLIMATOLÓXICA**, e a continuación engadiredes o contido que resulte da realización dos seguintes pasos:

1) Buscar no PDF **Atlas climático ibérico** un [gráfico de temperaturas](#) e outro [gráfico de precipitacións](#) que se corresponda a unha das localidades que se atopan na paisaxe obxecto de estudo. Haberá que **facer captura de pantalla de cada gráfico** e incluílos en diferentes diapositivas, indicando cales son os [meses que rexistran as temperaturas máis altas e máis baixas](#), así como os [meses nos que se as precipitacións alcanzan os valores máis altos e máis baixos](#). **GRUPO 5:** centrará o seu estudo na paisaxe desértica./ **GRUPO 6:** centrará o seu estudo na comunidade de Extremadura.

2) Cada persoa do grupo consultará en [Valores climatolóxicos España](#) (premer no enlace anterior) unha estación (inverno, verán, primavera, outono) no apartado de [Precipitación acumulada estacional](#), dedicándolle a cada estación unha diapositiva, na que se recolla a **captura de pantalla do mapa**, e a súa [análise](#) (consultar a lenda de cores do mapa para [anotar cales son os valores predominantes das precipitacións nas rexións que se corresponden coa paisaxe obxecto de estudo](#)).



3) Dúas persoas do grupo consultarán en [Valores climatolóxicos España](#) (premer no enlace anterior) o apartado de Temperatura mínima media, para buscar o/s mes/es nos que se rexistan as temperaturas máis baixas (tendes como referencia a análise realizada no gráfico de temperaturas). Unha vez que o teñades localizado, haberá que **facer unha captura de pantalla do mapa** e anotar os valores predominantes das temperaturas mínimas nas rexións que se corresponden coa paisaxe obxecto de estudo).

4) Dúas persoas do grupo consultarán en [Valores climatolóxicos España](#) (premer no enlace anterior) o apartado de Temperatura máxima media, para buscar o/s mes/es nos que se rexistan as temperaturas máis altas (tendes como referencia a análise realizada no gráfico de temperaturas). Unha vez que o teñades localizado, haberá que **facer unha captura de pantalla do mapa** e anotar os valores predominantes das temperaturas máximas nas rexións que se corresponden coa paisaxe obxecto de estudo).

5) **Conclusión** na última diapositiva, describindo o clima (características das precipitacións e temperaturas) asociado á paisaxe obxecto de estudo. Para tal fin seguiranse as instrucións contidas no PDF adxunto "CONCLUSIÓN".